



R regala gigas ilimitados e un mes de Netflix Fan aos seus clientes/as este Nadal

- ***A nova promoción prolongarase ata o 7 de xaneiro, e o bono de gigas extra estará dispoñible 30 días desde o momento da súa activación.***
- ***Este regalo de R únese a outro que se comunicou hai uns días: un mes do novo servizo de Netflix Fan para os seus clientes/as***

Luns, 14 de decembro de 2020.- Coa idea de lles facilitar máis as comunicacións durante estas datas ás persoas e de agradecer a confianza dos seus clientes/as, **R** regálalles, por Nadal, gigas ilimitados e un mes do novo servizo Netflix Fan, que inclúe Netflix e 10 GB extra ao mes no móbil..

Na **área de clientes** da web de **R** pódese activar o bono de gigas ilimitados ata o 7 de xaneiro, en **todas e cada unha das liñas móbiles** do/da cliente/a para desfrutalo durante 30 días dende o día da activación. Transcorrido ese tempo, **non é necesario darse de baixa** porque a promoción se desactiva automaticamente e non conleva compromiso de permanencia de ningún tipo.

Con este agasallo de Nadal, **R** quere que os seus clientes/as poidan conectarse e navegar sen preocuparse polos datos, independentemente do lugar onde se atopen, pois o bono consómese en primeiro lugar e os datos contratados na tarifa de cada un/unha empezan a aplicarse cando o agasallo termina, 30 días despois da activación. Ademais, nese espazo da web habilitado especificamente para esta promoción, o/a cliente/a pode controlar os gigas do agasallo que vai consumindo a través dun gráfico informativo.

Netflix Fan completa o paquete de Nadal

R decidiu facer un paquete de Nadal completo, e así, a este regalo de gigas ilimitados únese outro que se comunicou hai poucos días: un mes do novo servizo de Netflix Fan de agasallo para os seus clientes/as.

A proposta comercial **Netflix Fan**, que se pode activar sinxelamente na web de clientes, é idónea para os amantes do entretemento, pois combina o acceso a Netflix con 10 gigas adicionais extra ao mes aplicables a calquera liña de **móbilR** do cliente/a.

Nadal 2020: máis conectados/as que nunca

R continúa ofrecendo promocións e agasallos exclusivos para que os seus clientes/as estean facilmente en contacto sobre todo cos seus seres queridos durante estas datas. Esta é, de feito, unha das principais necesidades este Nadal, pois as restricións derivadas da pandemia esixen que as reunións estean limitadas en número de persoas e horarios. Grazas á iniciativa de **R**, ao dispor de datos ilimitados, as mensaxes multiplicáronse sen problema e quedan asegurados, do mesmo xeito que as videochamadas cos/as achegados/as.

Con esta promoción, **R** revalida o seu compromiso de ofrecer unha calidade óptima de telecomunicacións coas mellores condicións do mercado. O operador galego dá un novo paso no seu propósito permanente de comercializar un produto-servizo forte, cunha oferta de valor para os seus clientes/as; obxectivo que foi e segue sendo un dos alicerces estratéxicos da compañía.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal